

ESQUECE MONELOS

[Ángeles Huerta, 2017]

300

ESTREA EN NUMAX: 27.10.2017 | V.O. | TP

Esquece Monelos (2017, 76')

Dirección: Ángeles Huerta
Guión: Ángeles Huerta, Antón Núñez
Montaxe: Sandra Sánchez
Fotografía: Jaime Pérez
Música: Sergio Pena
Produtoras: Danga Danga (España)
Distribuidora: Danga Danga
Formato de proxección: DCP2K
Idioma orixinal: Galego, español

FILMOGRAFÍA

The Fetch, 2014 [curtametraxe]
Normal People, 2013 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Mestre Mateo (Mellor documental, mellor fotografía —Jaime Pérez—, mellor montaxe —Sandra Sánchez—), Documentamadrid (Mención especial do xurado), Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (Mellor filme galego).

SINOPSE

O documental válese da desaparición do río Monelos baixo a cidade da Coruña para reflexionar sobre como se perde a memoria dos lugares e das súas xentes. Un percorrido polo río que propicia unha viaxe pola vida mesma de quen conta a historia. Un retrato colectivo que fala dos medos e inqedanzas que acompañan o avance inexorable do tempo.

«Un dos máis brillantes e profundos descubrimentos do ano»

Luis Martínez, EL MUNDO



“Facer cinema é en si mesmo un xesto político”

Entrevista con Ángeles Huerta

Por Mauro Lukasiwicz

Como xurdiu a idea de realizar

Esquece Monelos? Este filme, máis ca dunha reflexión intelectualizada, nace dunha necesidade persoal moi forte. Eu estaba a atravesar unha crise que tiña a ver coa angustia da perda da memoria nos seres que amamos, alguén faloume dese río canalizado e convertido en cloaca e algo fixo click no meu interior. Ese foi o primeiro impulso, mais na preparación do filme foron aparecendo outros significados dese río negado e esquecido, igual de íntimos e por tanto igual de universais. Refírome ao río como segredo cun mesmo, como metáfora de todas aquelas cousas que un día agochamos e co tempo fomos esquecendo. Até que un día de treboada acaba saíndo á superficie.

En ningún momento tentas que o espectador tome unha posición marcada, senón que deixas que saquen as súas propias conclusións. Coido que quen nos dedicamos a certo tipo de cinema non facemos os filmes que queremos, senón os que necesitamos. E o mesmo se pode dicir da maneira de narrar. Esta é unha película que se non é radicalmente honesta na súa enunciación non funciona. Porén, esta necesidade de

me expoñer cáusame un fondo pudor. Coido que só se conecta co espectador desde o íntimo, porque é aí dentro que somos todos moi parecidos, mais isto non significa que haxa que caer no narcisismo. Ninguén é tan importante. Tamén optei por facer unha película coral, penso que só se cura o persoal desde o colectivo. Por outra parte, está claro que no filme hai unha ollada particular do mundo, mais tento non ser demasiado dirixista. Entendo o cinema como un acto de amor e de respecto cara ao espectador.

Consideras Esquece Monelos un documental político? Facer cinema, calquera tipo de cinema, é en si mesmo un xesto político. Neste filme fálase da polis (ou sexa, da cidade), da súa evolución nun continuo proceso de construción e destrución. Está claro que iso é política. Hai un primeiro significado, o máis importante, que ten a ver coa memoria, a perda, a construción da identidade... mais tamén asistimos a un modelo de desenvolvemento capitalista moi concreto e depredador, que está incrustado na sociedade española desde o franquismo até os nosos días. No filme tamén se fala de pactos de silencio e esquecementos voluntarios ou decretados por terceiros. Iso é moi político.

Hai un incrível traballo tanto de cámara como de fotografía, especialmente nas escenas do río subterráneo. Involúcraste moito nestes aspectos? Moito, coido que é a

miña obriga como directora. Miro, penso, debuxo... Antes de comezar a rodar pasei moitísimo tempo con Jaime Pérez, o meu director de fotografía. Visitando os sitios ou simplemente falando do que queríamos contar e como. Do máis filosófico e dos detalles máis técnicos. Con estas bases, logo rodar é moi doado. Mais non todos os directores de fotografía son tan xenerosos, e menos con alguén que está a comezar. Por iso me alegrei cando a Academia Galega do Audiovisual lle deu o premio á mellor fotografía este ano.

Sendo Esquece Monelos a túa primeira longa, como sentiches o paso desde a curta á longametraxe? Non sentín unha especial presión nin traballei dunha maneira sensibelmente diferente a como facía nas miñas curtas. Supoño que en parte porque a miña primeira longa foi pequena en termos de orzamento e de equipa técnica.

Que directores che serven de inspiración? Depende do proxecto. Neste caso reparei bastante no Patricio Guzmán de *Nostalgia de la luz* (2010), pola relación entre o macro e o micro, a orixe do cosmos e os ósos dos desaparecidos, como sucede aquí co río e as neuronas. Tamén na Agnès Varda de *Los espigadores y la espigadora* (2000), pola maneira en que ela mesma entra no filme. No contexto español non podo deixar de nomear a Joaquim Jordà.

Publicado en <http://caligari.com.ar/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



**Abónatete
e ven sempre
por**
4,5€

**Faite
NUMAX!**